



UNIVERSIDADE  
DE VIGO

**LISTA DE ASISTENTES**

D. José Antonio Rodríguez Vázquez  
D. José Pose Blanco  
D. José Angel Vázquez Barquero  
D. José Tojo Suárez  
D. Carlos Martínez-Peñalver Freire  
D. José Barreiro Somoza  
D. Xulio Pardellas de Blas  
D. José Carlos Cermeño Iglesias  
D. Xosé Luís Legido Soto  
D. Alberto Alonso Costas  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Luisa Alonso Escontrela  
D. Pedro Antonio Araújo Nespereira  
D. Enrique Barreiro Alonso  
D. Luis Bernal Conde  
D. José Luis Capelo Martínez  
D<sup>a</sup> Milagros Cavada Nieto  
D. José Chavete Rodríguez  
D. Xosé Manuel Cid Fernández  
D. José M<sup>a</sup> Correa Otero  
D. Xosé Luís Crespo Castro  
D<sup>a</sup> Margarita Estévez Toranzo  
D<sup>a</sup> Esperanza Fernández Gómez  
D. Joel Fernández Soto  
D. José Antonio Gómez Barbeito  
D<sup>a</sup> Laura González Novoa  
D. Roberto González Vázquez  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> do Carmo Henriques Salido  
D<sup>a</sup> Mónica Iglesias Rodríguez  
D. Juan Janeiro Vilaboa  
D<sup>a</sup> Betty Mireya León Fong  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> del Pilar López Vidal  
D. José Mira Penedo  
D<sup>a</sup> Camino Noia Campos  
D. Guillermo de Oca Cancela  
D. Xosé Luis Outes Ruso  
D. Angel Pereira Díaz  
D. Cándido Pérez Betanzos  
D. Manuel Pérez Donsión  
D. Luis Pérez Gómez  
D. Mariano P-Mnez. e Pamor  
D<sup>a</sup> Verónica Piñeiro Fernández  
D. Manuel Joaquín Reigosa Roger  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Anunciación Reñones Pérez  
D. Fco. Javier Rodríguez Berrocal  
D. Celso Rodríguez Fernández  
D. Eduardo Rubiales Camino  
D. José Angel Sampayo Fernández  
D<sup>a</sup> Susana Inés Soto Soto  
D. Francisco Tugores Martorell  
D. Fco. José Vázquez Núñez  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Teresa Viñas Gil  
D. José A. Veiro García (CC.OO.)  
D. Horacio A. Villar Suárez (CIG)

Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno da Universidade de Vigo, celebrada o dezanove de abril de mil novecentos noventa e seis, ás 10.00 horas, no Paraninfo do Rectorado da Universidade de Vigo.

O venres, **día 19 de abril de 1996**, ás 10.45 horas, celebrouse sesión ordinaria da Xunta de Goberno co obxecto de trata-los seguintes puntos da orde do día:

- 1º.- Aprobación, se procede, da Acta de sesión anterior.
- 2º.- Informe do Rector.
- 3º.- Aprobación, se procede, da Memoria de creación da Escola Universitaria de Fisioterapia.
- 4º.- Criterios de distribución e normas complementarias de execución dos créditos descentralizados para o ano 1996.
- 5º.- Aprobación, se procede, de nomeamento de Doutor Honoris Causa de D. Francisco J. Ayala (Facultade de Ciencias de Vigo).
- 6º.- Promoción de profesores titulares de Escola Universitaria co título de Doutor.
- 7º.- Asuntos de Profesorado: Prazas BOE, Transformacións, Permisos, Cambios de área.
- 8º.- Aprobación, se procede, de calendario escolar para o curso 1996/97.
- 9º.- Aprobación, se procede, de límite de prazas para o curso 1996/97.
- 10º.- Aprobación, se procede, do Regulamento de Réxime Interno de Centros (discusión e aprobación, se procede, das emendas presentadas).
- 11º.- Elección de representantes de estudantes nas distintas Comisións delegadas da Xunta de Goberno e no Consello Social.
- 12º.- Revalidación de gasto.
- 13º.- Aprobación, se procede, de sinatura de convenio-marco coa Voz de Galicia e, baseándose no Acordo-marco de colaboración aprobado pola Xunta de Goberno do 22-12-95, con FENOSA.

14º.- Modificación parcial de Normas de materias de libre elección e optativas.

15º.- Modificación de materias-chave de Informática de Xestión e Administración e Dirección de Empresas.

16º.- Rogos e preguntas.

Presidiu a sesión o Rector, D. José Antonio Rodríguez Vázquez e actuou como Secretario, o Secretario Xeral, D. Xosé Luís Legido Soto.

No **punto 1**, apróbase a Acta da sesión do 22-02-96.

No **punto 2**, informa o Rector, D. José Antonio Rodríguez Vázquez, sobre:

- a adxudicación da obra do edificio onde irá radicada a Biblioteca Central e o Centro de Documentación no Campus de Lagoas-Marcosende;
- do proxecto para que no Campus de Ourense se constrúa un edificio que funcione como Biblioteca Central coa axuda do Concello, a Deputación e a Xunta de Galicia;
- que no Campus de Pontevedra a Biblioteca Central recóllese no proxecto do novo Edificio de Ciencias Sociais;
- da reforestación do Campus de Vigo, xa que comezou a funcionar a Comisión mixta composta pola Universidade Vigo e a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes;
- da súa presenza no Seminario que sobre cuestión universitaria organizou a Conferencia Europea de Rectores que se celebrou Graz (Austria);
- a apertura institucional de curso que este ano se celebrara en Vigo e na que dispensará a Lección inaugural o profesor D. Federico Vilas Martín.
- da continuación das xuntanzas do Consello Social, polo nomeamento do novo Presidente, D. Alfonso Zulueta de Haz.

O Vicerrector de Ordenación Universitaria, D. Carlos Martínez-Peñalver Freire, explicou as conclusións da Conferencia de Rectores das Universidades españolas celebrada en Valencia que tratou sobre os novos planos de estudio.

O Vicerrector de Economía, D. José Pose Blanco, explicou o estado das comunicacións inter-campus e que quedarán rematadas neste ano.

No **punto 3**, presenta a Memoria de creación da Escola Universitaria de Fisioterapia o Vicerrector de Ordenación Universitaria, D. Carlos Martínez-Peñalver Freire, que se aproba.

No **punto 4**, presenta o punto o Vicerrector de Economía, D. José Pose Blanco; modifícase, o concepto 222.1, quedando "Importe correspondente á media entre o gastado nos Centros nos anos 93, 94 e 95, e o gasto medio dos Centros da Universidade en función do número de profesores no mesmo período"; o concepto 628.1 queda "Unha cantidade fixa por Centro de 750.000 ptas.".

Faise a votación co seguinte resultado:

-a favor:	31 votos
-en contra:	0
-abstencións:	7

Apróbanse os Criterios de distribución e Normas complementarias de execución dos créditos descentralizados para o ano 1996 (anexo I).

No **punto 5**, presenta a proposta de Doutor Honoris Causa de D. Francisco J. Ayala o profesor D. Francisco Javier Rodríguez Berrocal, proposto polo Departamento de "Biología Fundamental" e ratificado pola Facultade de Ciencias de Vigo, destacando do seu curriculum a súa labor investigadora e divulgadora no dobre campo da Biología e da Filosofía da Ciencia.

Apróbase, por unanimidade, o nomeamento como Doutor Honoris Causa de D. Francisco J. Ayala.

No **punto 6**, concédese a palabra ó Director do Departamento de "Organización de Empresas", D. José Manuel García Vázquez, quen defende a postura do Departamento que debe ser soberano na petición de prazas de profesor de universidade (anexo II).

O Rector, D. José Antonio Rodríguez Vázquez, expón o escrito presentado pola Escola Universitaria de Estudos Empresariais (anexo III) e apoiado polo Departamento de "Estatística e Investigación Operativa" e a Escola Universitaria de Formación do Profesorado de EXB de Ourense.

Prodúcese un debate, establecéndose dúas propostas:

-a 1ª, defendida polo Vicerrector de Ordenación Universitaria, D. Carlos Martínez-Peñalver Freire e o profesor Rodríguez Berrocal, nos termos "cando exista un conflito entre a praza proposta polo Departamento de promoción dun profesor TIT-EU e o interesado, a Comisión de Docencia estudiará o informe do Departamento e do interesado, elevándoo á Xunta de Goberno para a súa aprobación, se procede".

-a 2ª, do profesor Reigosa Roger "que se deixe en suspenso o punto da Orde do día ata ter un informe da Asesoría xurídica".

Faise a votación co seguinte resultado:

-1ª proposta:	37 votos
-2ª proposta:	8 votos
-brancos:	2
-nulos:	2

Apróbase que, cando exista un conflito entre a petición de praza de promoción de TIT-EU co título de Doutor do Departamento e a petición do interesado, a Comisión de Docencia estudie e eleve á Xunta de Goberno, para a súa aprobación se procede, unha proposta.

No **punto 7**, Asuntos de profesorado, apróbase a saída a concurso (BOE) das seguintes prazas:

D06	555	CAT-UN	Vigo	- - -
D01	560	TIT-UN	Vigo	López García, Cándido Antonio
D03	330	TIT-UN	Vigo	Esparza Torres, Miguel A.
D13	615	TIT-UN	Ourense	- - -
D18	220	TIT-UN	Vigo	Fernández Suárez, Emilio Manuel
D26	595	TIT-UN	Vigo	Liz Marzán, Eduardo
D26	595	TIT-UN	Vigo	Faro Rivas, Emilio
D27	760	TIT-UN	Vigo	Castro Fojo, Jesús Antonio
D31	185	TIT-UN	Pontevedra	Martínez Moro, Juan
D31	260	TIT-UN	Pontevedra	Bermejo Arrieta, Natividad
D20	515	TIT-EU	Vigo	Diéguez Quintas, José L.

Apróbase a transformación das seguintes prazas:

D06	555	Cameselle Fernández, Claudio	de PP1 a PP2
D07	465	Barriocanal López, Yolanda	de AXU-UN2 a TIT-UN(I)
D07	695	Castro Pérez, Ladislao	de AXU-UN2 a TIT-UN(I)
D08	415	Vázquez Barquero, José A.	de ASO-T3 T a TIT-EU(I)
D17	160	García Sánchez, José Oscar	de ASO-T3 P3 a ASO-T3 P6
D17	175	González Pillado, M <sup>a</sup> Esther	de PP1 a TIT-UN(I)
D18	045	Mariño Callejo, M <sup>a</sup> Fuencisla	de AXU-UN1 a AXU-UN2
D18	045	Vázquez Otero, M <sup>a</sup> Elsa	de AXU-UN1 a AXU-UN2
D18	220	González Castro, Bernardino	de AXU-UN1 a AXU-UN2
D18	240	García Queijeiro, José Manuel	de ASO-T3 T a TIT-EU(I)
D27	755	Liz Marzán, Luis	de AXU-UN1 a AXU-UN2
D29	680	Lameiras Fernández, María	de PP2 a TIT-EU(I)
D30	265	Iglesias Pérez, M <sup>a</sup> Carmen	de PP1 a TIT-EU(I)

En relación coas prazas de promoción de TIT-EU, faise a proposta de devolvelas. Concédese o uso da palabra o director do Departamento de Organización de Empresas, D. José Manuel García Vázquez que propón que continúe o seu trámite ordinario.

Faise a votación co seguinte resultado:

-a favor de devolvelas:	21 votos
-a favor de que sigan:	3 votos
-abstencións:	6

Apróbase devolve-las prazas de promoción.

Apróbase a concesión dos seguintes permisos:

-López Díaz, María	dende 01-04-96 ata 30-09-96
-Martín Moreno, José M <sup>a</sup>	dende 01-05-96 ata 31-07-96
-Mariño Callejo, M <sup>a</sup> Fuencisla	dende 02-05-96 ata 31-10-96
-Rubio Armesto, Belén	dende 29-04-96 ata 29-07-96
-García Gil, Soledad	dende 08-04-96 ata 08-07-96
-Labandeira Villot, Xavier	dende 01-07-96 ata 31-10-96
-Herves Beloso, Juan Pablo	dende 06-03-96 ata 31-07-96

Apróbase o cambio de área do profesor D. Rafael Verdugo Matés, da A-785 á A-250.

No **punto 8**, o Secretario Xeral, D. Xosé Luís Legido Soto presenta a proposta de Calendario escolar para o curso 1996/97.

Apróbase o Calendario escolar para o curso 1996/97 (anexo IV).

O **punto 9** é presentado polo Vicerrector de Ordenación Universitaria, D. Carlos Martínez-Peñalver Freire, que manifesta a necesidade de reduci-lo límite de prazas nas titulacións que non se fixera o curso anterior, debido ós problemas de masificación e a carencia de infraestructuras.

Establécese un debate quedando os límites de prazas do seguinte modo:

-Facultade de Humanidades de Vigo, apróbase por asentimento:

-Lic. Filoloxía Hispánica:	110
-Lic. Filoloxía Inglesa:	150
-Lic. Traducción e Interpretación:	110

-Facultade de Ciencias de Vigo, hai dúas propostas e faise unha votación:

-proposta do Centro:	4 votos
-proposta do Vicerrectorado con transacción:	21 votos
-abstencións:	6

Apróbase:

-Licenciado en Química:	130
-Licenciado en Bioloxía:	175
-Licenciado en Ciencias do Mar:	100

-Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais, hai dúas propostas e faise unha votación:

-proposta do Centro:	5 votos
-proposta do Vicerrectorado con transacción:	19 votos
-abstencións:	8

Apróbase:

-Licenciado en Economía:	275
-Licenciado en Admón e Dirección de Empresas:	325

Preséntase voto particular do Decanos da Facultade de Ciencias, profesor Reigosa Roger, e da Decana da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais, profesora Estévez Toranzo, "*en contra do acordo da Xunta de Goberno da Universidade , considerando que a Universidade de Vigo posúe capacidade (en canto a espazos, orzamentos e persoal) para manter na maior parte das titulacións dos Campus de Vigo e Ourense límites de prazas similares ás do curso anterior. Considerando ademais que este feito ven avalado polas propostas emanadas das Xuntas de Centro e tendo en conta que os Estatutos da Universidade de Vigo consagran a ésta como unha "institución de dereito público á que corresponde, no ámbito das súas competencias, o servizo público da educación social... e está ó servizo da sociedade" e lle conceden á Xunta de Goberno únicamente (artigo 77, alínea t) "determina-la capacidade dos Centros e os sistemas de acceso ós mesmos" e non habendo o curso 96/97 discriminacións dos espazos docentes nos dous campus citados. Considerando tamen que os Estatutos da Universidade de Vigo (artigo 167) sinalan que "terán dereito á ensinanza universitaria na Universidade de Vigo aqueles que cumpran os requisitos legais que prevexan as disposicións vixentes e superen os procedementos de selección que se poidan establecer en aplicación do disposto no artigo 26.1 da LRU". Os asinantes, membros da Xunta de Goberno, fan consta-lo seu voto particular en contra de dito acordo, solicitando que se acepten as propostas dos Centros de mante-los límites de prazas nos mesmos números que se viñan aplicando".*

Apróbase por asentimento o límite en Licenciado en Dereito (rama Econ-Empres.), 100.

- Escola Técnica Superior de Enxeñeiros Industriais, hai dúas propostas e faise unha votación:
- |  |          |
|--|----------|
| -proposta do Centro:                         | 2 votos  |
| -proposta do Vicerrektorado con transacción: | 19 votos |
| -abstencións:                                | 8        |

Apróbase:

- |                        |     |
|------------------------|-----|
| -Enxeñeiro Industrial: | 260 |
| -Enxeñeiro de Minas:   | 130 |

Preséntase voto particular do Director do Centro, profesor Pérez Donsión, "*contra a proposta de reduccion o número de prazas de acceso novo con relación á proposta feita polo Centro en ámbalas dúas titulacións*".

- Escola Técnica de Enxeñeiros de Telecomunicación, apróbase por asentimento, 200.

- Escola Universitaria de Estudos Empresariais, hai dúas propostas e faise unha votación:
- |  |          |
|--|----------|
| -proposta do Centro:                         | 5 votos  |
| -proposta do Vicerrektorado con transacción: | 21 votos |
| -abstencións:                                | 6        |

Apróbase Diplomado en Ciencias Empresariais, 330.

Preséntase voto particular da Directora do Centro, profesora López Vidal, "*a favor da proposta do Centro*".

No resto das titulacións do Campus de Vigo, apróbase por asentimento:

- Enxeñeiro Técnico Industrial, 300
- Mestre Esp. Educacion Primaria, 100
- Mestre Esp. Educación Infantil, 100
- Diplomado en Enfermería (Meixoeiro), 50
- Diplomado en Enfermería (Povisa), 50
- Diplomado en Relacións Laborais, 450

No Campus de Pontevedra, apróbase por asentimento a proposta presentada:

- Licenciado en Belas Artes, 120
- Licenciado en Publicidade e Relacións Públicas, 100
- Licenciado en Filoloxía Galega, 75
- Diplomado en Fisioterapia, 50
- Enxeñeiro Técnico Forestal, Esp. en Industrias Forestais, 100
- Mestre Esp. Educación Primaria, 75
- Mestre Esp. Educación Infantil, 75
- Mestre Esp. Educación Física, 50
- Mestre Esp. Educación Musical, 50
- Diplomado en Enfermería, 50

-Facultade de Ciencias de Ourense, acéptase a modificación proposta polo Vicerrectorado de Ordenación Universitaria, quedando:

- Licenciado en Física: 100
- Licenciado en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos e
- Enxeñeiro Téc. Agrícola Esp. en Ind. Agrarias e Aliment.: 140

-Facultade de Humanidades de Ourense, acéptase a modificación proposta polo Vicerrectorado de Ordenación Universitaria, quedando:

- Licenciado en Historia: 100
- Licenciado en Psicopedagogía: "sen desdoblamento de grupo"
- Diplomado en Educación Social: 75
- Diplomado en Traballo Social: 75

-Facultade de Dereito de Ourense, hai tres propostas, polo que se fai unha votación:

- proposta do Centro: 8 votos
- proposta do Vicerrectorado con transacción: 11 votos
- proposta de deixa-lo límite inicial feita polo Vicerrector: 5 votos
- abstencións: 5

Apróbase, Licenciado en Dereito (rama xeral), 290.

-Escola Universitaria de Estudos Empresariais de Ourense, apróbase a proposta inicial, 300.

-Escola Universitaria de Enxeñería Técnica en Informática de Xestión de Ourense, hai dúas propostas polo que se fai unha votación:

- proposta do Centro: 7 votos
- proposta do Vicerrectorado con transacción: 15 votos
- abstencións: 8

Apróbase a proposta, Enxeñeiro Técnico en Informática de Xestión, 170.

Presenta voto particular o Director da Escola, profesor Barreiro Alonso "*a redución na oferta carece, ó meu entender, de lóxica, a teor das seguintes consideracións: 1ª) a demanda social (non de matrícula) é ampla e con inmejorables perspectivas; 2ª) a oferta do ámbito científico-tecnolóxico no Campus de Ourense é xa, por ela mesma, demasiado baixa como para reducir aínda máis prazas; 3ª) o Centro disp'n na actualidade da suficiente infraestrutura como para facer fronte sobradamente á oferta feita pola Xunta de Escola*".

-Escola Universitaria de Formación do Profesorado de EXB de Ourense, hai tres propostas, polo que se fai unha votación:

- proposta do Centro: 5 votos
- proposta do Vicerrectorado: 15 votos
- proposta do alumno Mira Penedo (90-90-100-60): 8 votos
- abstencións: 6

Apróbase a proposta do Vicerrectorado, quedando:

- Mestre Esp. Educación Primaria: 75
- Mestre Esp. Educación Infantil: 75
- Mestre Esp. Educación Especial: 75
- Mestre Esp. Lingua Estranxeira: 50

Apróbase a proposta de Diplomado en Enfermería, 50.

Apróbanse os límites de prazas da Universidade de Vigo para o curso 1996/97 (anexo V).

Presenta voto particular D. Cándido Pérez Betanzos "*A miña negativa responde ás seguintes consideracións: 1ª A limitación de prazas por titulación supón a aplicación da lei da oferta e demanda, invalidando o proceso selectivo para acceder á Universidade, xa que non basta con supera-lo proceso mesmo, senón ós aspirantes concorrentes; 2ª Repítese un curso máis a subasta, propiciada polo equipo de goberno, entre as "súas previsións" e as demandas dos persoeiros/as con capacidade de influencia sen valida-los parámetros de cálculo polos que por uns e outros se propoñen determinados límites; 3ª Nin se respectan os acordos das Xuntas de Centro, nin se manteñen as cifras, nos límites do curso 95/96. Non se atende a demanda social, nin se estudia esta; 4ª A limitación de prazas non se inscribe dentro da programación plurianuak, como correspondería en cumprimento dos estatutos (art. 272, b, e, f,)*".

Adiántase o **punto 11**, Elección de representantes de estudantes nas distintas Comisións delegadas da Xunta de Goberno:

**-Apoio Científico-Tecnolóxico á Investigación (CACTI):**

D. José Luís Capelo Martínez

**-Asuntos Económicos:**

D. Roberto González Vázquez e D. Alejandro Gómez Soler.

**-Biblioteca:**

D. Manuel Casás Macías, D. José Mira Penedo e D<sup>a</sup> Mónica Iglesias Rodríguez.

**-Docencia:**

D. José Luis Crespo Castro, D. José Sampayo Fernández e D<sup>a</sup> Ana Belén Reboredo Fernández.

**-Extensión Universitaria:**

D. Juan Janeiro Vilaboa e D. Angel Pereira Díaz.

**-Innovación Educativa e Estudiantes:**

D. Luis Bernal Conde, D. José Mira Penedo e D<sup>a</sup> Sonia Bautista Blanco.

**-Investigación:** D. José Luís Capelo Martínez e D<sup>a</sup> Susana Inés Soto Soto.

**-Ordenación Académica:**

D. Alberto Alonso Costas e D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Anunciación Reñones Pérez.

**-Planificación:**

D. Angel Pereira Díaz, D. Manuel Fontán Bouzas e D. Jesús Alfaya Fernández.

**-Publicacións:**

D. Juan Janeiro Vilaboa, D. Luis Bernal Conde e D<sup>a</sup> Mónica Iglesias Rodríguez.

**-Reclamacións:**

D. José Sampayo Fernández.

**-Servicios Informáticos:**

D. Emilio José Pérez González e D<sup>a</sup> Ana Belén Reboredo Fernández.



Para o Consello Social elíxense a D. Emilio José Pérez González e D<sup>a</sup> Verónica Piñeiro Fernández.

Dado o avanzado da hora, levántase a sesión ás 21.30 horas do día 19 de abril, decidíndose continuala o próximo día 24, ás 10.30 h.

Reanúdase a sesión o día 24 de abril, ás 10.45 horas, no punto 10 da Orde do día.

No **punto 10**, Regulamento de Réxime Interno de Centros, preséntanse varias emendas.

-Artigo 1, emenda nº 4257, presentada por D. Horacio A. Villar Suárez; acéptase, quedando o artigo "**A Xunta de Escola-Facultade é o órgano colexiado de goberno do Centro**".

-Artigo 2, emenda nº 4257; engádese "**g) Formando parte, como membro nato, o administrador de Centro**".

-Artigo 3 a), emenda nº 4257; faise unha votación:

-a favor do texto:	14
-a favor da emenda:	2
-abstencións:	2

Rexéitase a emenda presentada.

-Artigo 3 b), emenda nº 4257; hai unha transacción, quedando o texto "**Os membros da Xunta de Centro perderán a súa condición cando finalice a relación que os vinculaba á Escola/Facultade. No caso de alumnos e PAS, o seu substituto será o seguinte da súa lista, se a houbese; caso contrario ocuparía a súa praza o que obtivera máis votos nas eleccións correspondentes; de non haber substitutos e perdese 1/3 o sector, procederase á celebración de novas eleccións para cubrir vacantes**".

-Artigo 3 b), emenda nº 4280, presentada por D. Emilio José Pérez González; retírase por entender que xa vai recollida no texto anterior.

-Artigo 4 a), emenda 4257; faise unha votación:

-a favor do texto:	14
-a favor da emenda:	0
-abstencións:	6

Rexéitase a emenda presentada.

-Artigo 4 b), emenda 4257; acéptase, quedando o texto "**Aprobar e reforma-lo Regulamento de Réxime Interno**".

-Artigo 4 ñ), emenda nº 4246, presentada por D. Eduardo Rubiales Camino; rexéitase.

-Artigo 5, emenda nº 4257; hai unha transacción, quedando o texto "**A Xunta de Escola/Facultade reunirse con carácter ordinario, polo menos, unha vez por trimestre, e con carácter extraordinario, por iniciativa do Decano/Director, por acordo da comisión permanente ou por pedimento dun 20% dos membros da Xunta de Escola/Facultade, debendo realizarse nestes dous últimos casos dentro do prazo de 15 días hábiles seguintes á presentación de solicitude**".

-Artigo 7, emenda nº 4257; faise una votación:

-a favor do texto:	17
-a favor da emenda:	0
-abstencións:	3

Rexéitase a emenda.

-Artigo 14, emenda nº 4257; hai unha transacción, quedando o texto "**A Comisión Permanente estará formada por un 15% dos membros da Xunta de Centro, cun mínimo de 10 membros. Serán membros natos, e non computarán ós efectos da porcentaxe establecida no parágrafo anterior: O Decano/Director, que a presidirá e convocará, un Subdirector/Vicedecano, o Administrador do Centro, e mailo Secretario, que o será da propia Comisión Permanente. Os Membros elixibles pertencerán ós distintos sectores representados na Xunta de Escola/Facultade, e serán: a) 60% do sector PDI, b) 30% do sector Alumnado, e c) 10% do sector PAS, computando nestas porcentaxes os membros natos**".

-Artigo 18, emenda 4257; faise unha votación:

-a favor do texto:	12
-a favor da emenda:	11
-abstencións:	2

Rexéitase a emenda.

-Artigo 20, emenda nº 4257; acéptase, quedando o texto "**A orde do día será confeccionada polo Presidente, tendo en conta os pedimentos dos demais membros, formulados coa suficiente antelación. Non obstante, será obrigatoria a inclusión na orde do día dos puntos que sexan propostos, ó menos, por tres membros da Comisión ou por tódolos membros dun sector**".

-Artigo 22, emenda nº 4257; faise unha votación:

-a favor do texto:	16
-a favor da emenda:	2
-abstencións:	6

Rexéitase a emenda.

-Artigo 24, emenda nº 4257; acéptase, quedando o texto "**Son órganos unipersonais de Goberno do Centro os recollidos na Sección 6ª do Capítulo III do Título II dos Estatutos da Universidade de Vigo**".

-Artigo 31, emenda nº 4257; acéptase, quedando o texto **"1.- O Decano/Director designará entre tódolos membros do Centro ós Vicedecanos/Subdirectores, que serán nomeados polo Rector; 2.- Os Vicedecanos/Subdirectores actuarán coas competencias e funcións que lles asigne o Decano/Director; 3.- O Decano/Director designará un Secretario de entre os profesores, axudantes e persoal de administración e servicios do centro"**.

-Artigo 33, emenda nº 4257; faise unha votación:

-a favor do texto:	17
-a favor da emenda:	1
-abstencións:	7

Rexéitase a emenda, polo que a supresión polo tanto dos artigos 34 ó 46 non ten sentido.

-Artigo 37, emenda nº 4257; faise unha transacción **"As propostas das comisións tomaranse por maioría absoluta dos seus membros. Poderán seren invitadas, con voz pero sen voto, as persoas que a maioría dos membros da Comisión consideren oportunas"**.

-Artigo 38, emenda nº 4257; faise unha votación:

-a favor do texto:	15
-a favor da emenda:	0
-abstencións:	8

Rexéitase a emenda.

-Artigo 39 1., emenda nº 4280; acéptase, quedando **"Estará constituída por: a) o Decano/Director, b) tres profesores, c) dous alumnos, d) un PAS. Ademais asistirá o responsable de asuntos económicos, con voz pero sen voto"**.

-Artigo 40, emendas nº 4257 e 4280; faise unha transacción entre o texto e as dúas emendas, quedando **"1.- Estará constituída por: a) o Decano/Director ou persoa na que delegue, que a presidirá, b) tres profesores (un deles será a tempo parcial), c) dous alumnos, d) un PAS. 2.- Serán funcións desta comisión: a) Estudia-las distintas solicitudes de avaliación de estudos nacionais e estranxeiros segundo a "Normativa de Validacións" da Universidade de Vigo. A comisión disporá os medios para que os profesores que desexen emiti-los informes poidan consultar antecedentes, lexislación, etc.; b) Facer propostas sobre a coordinación das ensinanzas a dispensar no centro. Colaborar na elaboración dos horarios, uso das aulas e laboratorios, etc; c) Asisti-la Xunta de Centro para establece-las datas dos exames dentro dos prazos fixados pola Universidade, por proposta dos delegados dos alumnos e dos profesores afectados; d) Realizar tódalas funcións que lle son asignadas no título de "Proxecto de fin de carreira", así como propo-las datas das convocatorias correspondentes; e) Elabora-los correspondentes infomes de Regulamento para a avaliación da capacidade docente do profesorado segundo a normativa vixente; f) Elabora-la memoria anual; g) Elaborar e desenvolve-lo procedemento para a revisión de cualificacións; h) Elaborar regulamentos e propoñelos, para o funcionamento da aula de informática, aula de medios audiovisuais e laboratorios, á Xunta de Centro; i) Calquera outra función que, relacionada coa docencia, lle asigne a Xunta de Escola. 3.- Esta comisión reunirse, polo menos, unha vez por trimestre. Será convocada polo presidente por decisión propia ou por proposta, de, alomenos, dous dos seus membros"**.

-Artigo 42, emenda nº 4257; acéptase suprimi-lo segundo e), quedando o artigo "**Comisión de Biblioteca. Estará constituída por: a) O Decano/Director ou persoa na que delegue, que a presidirá; b) O encargado da biblioteca do centro; c) Un profesor representando a cada área de coñecemento; d) Unha representación dos alumnos igual ó 30% total dos membros da comisión; e) Un membro do PAS. 2- Serán funcións desta comisión: a) As mesmas que ten encomendadas a Comisión de Bibliotecas da Universidade (artigo. 11 do seu regulamento) no ámbito da súa competencia específica; b) Supervisar e coordina-la adquisición das obras propostas polos usuarios da biblioteca. 3- Esta comisión reunirse, alomenos, unha vez por trimestre e cantas veces sexa necesario por decisión da súa presidencia ou por pedimento de, alomenos, un tercio dos seus membros**".

-Disposición derradeira, emenda 4257; transacción e queda "**O presente regulamento será de aplicación ós Centros que non dispoñan de Regulamento de Réxime Interno e entrará en vigor o día seguinte da súa aprobación polo Claustro Universitario da Universidade de Vigo**".

Vótase o Regulamento de Réxime Interno de Centros, co seguinte resultado:

-votos a favor:	26
-votos en contra:	0
-abstencións:	2

Apróbase o Regulamento de Réxime Interno de Centros (anexo VI).

No **punto 12**, Convalidación de gasto, presenta o punto o Xerente, D. José Carlos Cermeño Iglesias: Servicios Centrais:193.200.-, Servicios Centrais (Varios): 643.553.-, Servicios Centrais (Deportes): 234.435.-, E.U. Form. Prof. EXB Ourense: 135.545.-, Facultade de Ciencias Ourense: 65.273.-, e E.U. Form. Prof. EXB Pontevedra: 15.100.-.

Apróbase a convalidación de gasto (anexo VII).

No **punto 13**, sinatura de convenio coa Voz de Galicia presentado polo Vicerrector de Relacions Exteriores, Xulio Pardellas de Blas.

Establécese un debate no que se pide que se asine o mesmo convenio cos demais medios de comunicación, indicando o Vicerrector que estanse redactando os mesmos, e que levaranse á Xunta de Goberno cando se chegue a un acordo.

Sobre o convenio coa Voz de Galicia modifícanse os seguintes puntos: "**MANIFESTAN... Segundo.- Que a Voz de Galicia é un grupo empresarial...; ACORDAN... PRIMEIRA.- A Voz de Galicia.... acordan establecer un acordo-marco de colaboración para a realización de todas aquelas actividades que lle son propias a ámbalas dúas Institucións; cámbiase a NOVENA pola CUARTA**".

Faise a votación:

-a favor de asinalo:	16
-en contra:	0
-abstencións:	8

Apróbase a sinatura do convenio coa Voz de Galicia (VIII).

Apróbase, por asentimento, a sinatura do convenio con FENOSA, baseado no Acordo-marco de colaboración aprobado pola Xunta de Goberno do 22-12-95.

No **punto 14**, Modificación parcial de normas de materias de libre elección e optativas, presenta o punto o Vicerrector de Ordenación Universitaria.

Apróbase, por asentimento, a modificación do artigo 4.9 de Normas de Materias de libre elección, que queda "**As materias específicas de libre elección, tanto as de tipo xeral como as propias da titulación, cun número de alumnos inferior a 25, non poderán dispensarse nin ofertarse novamente como tales nos dous cursos académicos seguintes**", e o artigo 3.2.- b de Normas de materias **optativas**, que queda "Co obxecto de potenciar novas materias, os centros, por pedimento xustificado dos departamentos, poderán ofertar unha materia optativa non computable nos límites establecidos no apartado anterior. A docencia desta materia non será contabilizada como carga docente dos departamentos peticionarios a efectos de POD".

No **punto 15**, Modificación de materias-chave de Informática de Xestión e Administración e Dirección de Empresas, presenta o Vicerrector de Ordenación Universitaria, D. Carlos Martínez-Peñalver Freire.

Apróbase por asentimento, a supresión en:

**-Informática de Xestión de,**

- >"Metodoloxía e Tecnoloxía da Programación I (primeiro cuadrimestre)" como chave de "Metodoloxía e Tecnoloxía da Programación II (segundo cuadrimestre)",
- >"Estructura de Datos e da Información I (primeiro cuadrimestre)" como chave de "Estructura de Datos e da Información II (segundo cuadrimestre)", e
- >"Fundamentos Matemáticos de Informática I (primeiro cuadrimestre)" como chave de "Fundamentos Matemáticos de Informática II (segundo cuadrimestre)".

**Administración e Dirección de Empresas, de,**

- >"Dereito da Empresa" como chave de "Contratación Mercantil",
- >"Introducción á Economía de Empresa" como chave de "Administración e Organización de Empresa I",
- >"Dirección Estratéxica e Política Económica I" como chave de "Dirección Estratéxica e Política Económica II",
- >"Dirección Comercial I" como chave de "Dirección Comercial II",
- >"Administración e Organización de Empresas II" como chave de "Dirección Estratéxica e Política Económica I",
- >"Introducción á Economía de Empresa" como chave de "Administración da Producción", e
- >"Introducción á Economía da Empresa" como chave de "Fundamentos de Marketing".

No **punto 16**, Rogos e preguntas, preséntanse varios.

-D<sup>a</sup> LAURA GONZÁLEZ NOVOA.- Recórdolle ó Sr. Rector que, o ano pasado, nestas mesmas datas, solicitei que se solucionase o problema medioambiental que hai na Biblioteca de Belas Artes: A Biblioteca está situada no sobrado do edificio, unha claraboia, pola que penetra directamente o sol, percorre todo o cume do tellado, non ten ventilación directa. Nestes últimos días xa era difícil soporta-la calor que se acumulaba pola tarde: o sol directo estropea tanto os libros como o mobiliario. Ó meu rogo do ano pasado contestoume que o arquitecto da Universidade xa estaba

estudiando o problema e que axiña tomarían medidas. Un ano despois, o problema segue sen solucionarse (*o Vicerrector de Economía, D. José Pose Blanco, di que os problemas da Biblioteca de Belas Artes téñenos que arranxa-la empresa constructora e o promotor da obra*).

**-D. HORACIO A. VILLAR SUÁREZ.-** Pregunta:

- cales son os criterios para a distribución dos espazos do edificio anexo ó Rectorado;
- se é certo que se está a renegocia-lo convenio da prestación social.

Roga que o Secretario Xeral lle conteste a tódalas preguntas que lle formulou por escrito, relativas á obxección de conciencia (*o Secretario Xeral, D. Xosé Luís Legido Soto di que se contestou cos datos que se dispuñan nese intre*).

**-D. JOSÉ LUIS CAPELO MARTÍNEZ.-** Anexo IX.

**-D<sup>a</sup> MARGARITA ESTÉVEZ TORANZO.-** Pregunta:

- se este ano vaise manda-la enquisa de avaliación docente ós Centros (*o Vicerrector de Profesorado, D. Eusebio Corbacho Rosas di que cando reciba os datos relativos ós Centros, enviaranse a estes e ós Departamentos*);
- en que fase se atopa a constitución dos novos Departamentos e se hai previsto un calendario de actuación (*o Vicerrector de Ordenación Universitaria, D. Carlos Martínez-Peñalver Freire di que non hai previsto un calendario, aínda que se espera a próxima celebración dunha Xunta de Goberno para trata-lo tema dos Departamentos*);
- se os PODs do curso 96/97 se farán de acordo cos actuais Departamentos (*o Vicerrector de Ordenación Universitaria, D. Carlos Martínez-Peñalver Freire di que posiblemente*).

**-D. ENRIQUE BARREIRO ALONSO.-** Pregunta a que é debido o retraso na comunicación por radio-enlace no Campus de Ourense, e se iso inflúe na non celebración do curso de INTERNET (*o Vicerrector de Investigación, D. José Tojo Suárez di que non depende a comunicación por radio-enlace no Campus de Ourense da Universidade, senón que depende do CESGA e que pensa que a instalación é inmediata, e que non inflúe co curso de INTERNET que está previsto celebralo nas próximas datas*).

**-D. ALBERTO ALONSO COSTAS.-** Roga que se informe sobre a reforma do CAP e sobre a reforma da prestación social substitutoria (*o Vicerrector de Profesorado, D. Eusebio Corbacho Rosas di que se lle enviará información*).

**-D. XOSÉ LUÍS OUTES RUSO.-** Pregunta:

- cando estará o POD do curso 96/97 (*o Vicerrector de Profesorado, D. Eusebio Corbacho Rosas di que os PODs enviaranse nas próximas semanas*);
- se a enquisa de avaliación se enviará ós Departamentos.

Roga:

- se tomen medidas nas aulas do edificio novo da Facultade de Ciencias, debido á problemática da construción (*o Vicerrector de Economía, D. José Pose Blanco di que a problemática do edificio depende da empresa constructora que á súa vez foi contratada pola Xunta de Galicia, e que de tódolos xeitos a Universidade de Vigo está arranxando moitas deficiencias*);
- que, á terceira vez que lle pide ó Rector, faga unha investigación sobre a difamación feita a algúns profesores da Universidade de Vigo.

**-D. JOSÉ A. VEIRO GARCÍA.-** Pregunta:

-cando pensa contesta-lo Sr. Rector ós escritos que con datas 5 e 12 de marzo entregou no rexistro, relacionados co arquitecto-asesor, e se existe algún inconveniente para entrega-la documentación solicitada no devandito escrito;

-cales son os criterios que ten establecidos Xerencia para a devolución de haberes indebidamente percibidos na nómina.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 15 h. do día 24 de abril de 1996, da que eu como Secretario dou fe, co vº e praxe do Rector.

O Rector,

O Secretario Xeral,

José Antonio Rodríguez Vázquez

Xosé Luis Legido Soto